

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA

GUITARRA

TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

DAVID FERREIRO FERREIRO

MOTIVACIÓN:

Debido á situación excepcional provocada polo Covid-19, e seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de Galicia, procedemos á adaptación das programacións didácticas para este terceiro trimestre, tendo en conta que nos centraremos no reforzo, repaso e recuperación do 1º e 2º trimestre, así coma na profundización e ampliación daquelas aprendizaxes necesarias para que o alumando continúe satisfactoriamente co seu proceso educativo.

CONTIDOS:

OBXECTIVOS

CONTIDOS

METODOLOXÍA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES

OBXECTIVOS

En 1º curso de Grado Elemental mantéñense os obxectivos da programación, incidindo sobre todo en:

- Coidar a posición e a relaxación, xa que as clases online dificultan que o docente controle directamente estes aspectos.
- Preparar, neste terceiro trimestre, un mínimo de tres obras e dous exercicios técnicos. Cando menos unha das obras deberá ser interpretada de memoria.
- Incidir na adquisición de hábitos de estudo eficaces: o estudo por partes, consciente, a baixa velocidade, etcétera, habida conta que nesta situación é importante que os alumnos aprendan a organizarse moi ben o tempo para rendir de xeito eficaz.

En 2º curso de Grado Elemental mantéñense os obxectivos da programación, incidindo sobre todo en:

- Coidar a posición e da relaxación, xa que as clases online dificultan que o docente controle directamente estes aspectos.
- Preparar, neste terceiro trimestre, un mínimo de tres obras e dous exercicios técnicos. Cando menos unha das obras deberá ser interpretada de memoria.
- Incidir na adquisición de hábitos de estudo eficaces: o estudo por partes, consciente, a baixa velocidade, etcétera, habida conta que nesta situación é importante que os alumnos aprendan a organizarse moi ben o tempo para rendir de xeito eficaz.
- Traballo da dinámica e agóxica.

En 2º curso de Grado Profesional mantéñense os obxectivos da programación, incidindo sobre todo en:

- Coidar a posición e a relaxación, xa que as clases online dificultan que o docente controle directamente estes aspectos.
- Preparar, neste terceiro trimestre, un mínimo de dúas obras e dous exercicios técnicos. Cando menos unha das obras deberá ser interpretada de memoria.

- Incidir na adquisición de hábitos de estudo eficaces: o estudo por partes, consciente, a baixa velocidade, etcétera, habida conta que nesta situación é importante que os alumnos aprendan a organizarse moi ben o tempo para rendir de xeito eficaz.
- Ser coidadoso co son, e neste sentido, ser consciente da importancia de ter as uñas sempre ben limadas e preparadas.

En 4º curso de Grado Profesional mantéñense os obxectivos da programación, incidindo sobre todo en:

- Ser capaz de interpretar dúas pezas de nivel axeitado ó curso, distintas das traballadas no primeiro e no segundo trimestre, empregando a medida, afinación dinámica, articulación e fraseo axeitados ó seu contido, cun emprego axeitado do esforzo muscular e da respiración e amosar un dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Poder realizar os exercicios técnicos traballados en clase.
- Empregar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación

CONTIDOS

Os contidos para o terceiro trimestre en 1º de Grao Elemental fican así:

- Control básico da posición e da pulsación.
- Escalas diatónicas dunha oitava.
- Melodías con baixos ao aire.
- Arpexos de 3 ou 4 notas.

Os contidos para o terceiro trimestre en 2º de Grao Elemental fican así:

- Control básico da posición e da pulsación.
- Relaxación.
- Escalas diatónicas e cromáticas con ritmos cambiados.
- Ligados ascendentes e descendentes de dúas notas.
- Melodías con baixos pisados.
- Introducción ao acompañamiento con acordes.

Os contidos para o terceiro trimestre en 2º de Grao Profesional fican así:

- Control da posición e da pulsación.
- Práctica da lectura a vista.
- Traballo de control de intensidades, dinámicas, desenvolvemento de volume e timbre
- Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, dicitación, fraseo, articulación e tempo e a súa adecuación ós diferentes estilos

-

Os contidos para o terceiro trimestre en 4º de Grao Profesional fican así:

- Control da posición e da pulsación.
- Relaxación.
- Técnicas de estudo.
- Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, dicitación, fraseo, articulación e tempo e a súa adecuación ós diferentes estilos
- Emprego de efectos característicos do instrumento.

METODOLOXÍA

Debido á situación sanitaria actual a metodoloxía, sempre práctica, mantense como de costume pero con realización das clases mediante videoconferencia. Aproveítase a situación para potenciar o uso de TICs mediante o intercambio co alumnado de vídeos, audios, e documentos (partituras anotadas).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será contínua e relativa á consecución dos obxectivos nas pezas que foran comezadas a traballar antes do período de confinamento. Así mesmo, traballarase as pezas correspondentes ao terceiro trimestre, tratando de cumprir os obxectivos contemplados neste, mais considerando as limitacións da videoconferencia como medio de supervisar cuestións posturais, de son (que nunca pode ser equiparado ao son observado nunha clase presencial) ou comunicativas (polos posibles retardos que se poden producir na transmisión de vídeo ou audio). En todo caso, avaliarase o traballo realizado clase a clase, sempre que este favoreza ao alumnado, e ficará excluída a realización de exames.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Basearase nas cualificacións obtidas nos anteriores trimestres e a valoración do desenvolvemento das clases telemáticas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final será a obtida no segundo trimestre, agás naqueles casos nos que o desenvolvemento das clases mellore dita cualificación.

ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnos con materias pendentes.